

**Acta núm. 14/2018.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 25 de setembro de 2018**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 25 de setembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 7 de agosto de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenza de primeira ocupación.
- 5º.- Bonificación de prezo público.
- 6º.- Modificación de licenza de obra maior.
- 7º.- Licenzas de obra maior.
- 8º.- Licenzas de segregación.
- 9º.- Declaración como deserto do expediente de contratación de venda de inmovible por subasta.
- 10º.- Rogos e preguntas.

**PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 7 DE AGOSTO DE 2018.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 7 de agosto de 2018, acta núm. 13/2018.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA PATRICIA PENA MUIÑOS, con domicilio en Chave de Ponte 44, Bastavales, na que comunica que vai ampliar o tamaño dun porche existente en Chave de Ponte 44, Bastavales, que pasaría de ter 8 m2 a 28,80 m2.

Antecedentes:

1, A Xunta de Goberno Local do 17/01/2018 adoptou o seguinte acordo:

“i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA PATRICIA PENA MUIÑOS, con domicilio en Chave de Ponte 44, Bastavales, na que comunica que vai ampliar o porche existente, pasando de 8 m<sup>2</sup> a 28,8 m<sup>2</sup> (6 x 4,80 m), en Chave de Ponte 44, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural da zona leste (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8, para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e non autorizar as obras, posto que a edificabilidade máxima da parcela se atopa esgotada e non é posible a ampliación solicitada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.”

2, Con data 26/02/2018, Sandra Patricia Pena Muíños, presenta recurso se reposición contra o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local o 17/01/2018, no que alega:

- A planta soto da súa vivenda, no seu punto mais desfavorable, non supera a altura máxima de 0,60 m., e segundo o PXOM de Brión, terán a consideración de planta soto, a planta cuxo teito se atope en tódolos seus puntos por baixo da cota de 1 metro sobre da rasante.

- No apartado 3.2.1.4 do PXOM, se sinala que as superficies que se encontren por encima de 1 metro sobre a rasante da vía son computables a efectos de edificación, condición que non se cumpre, polo tanto non se supera a edificabilidade máxima da parcela.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural da zona leste (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8, para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, no que informa que o 02/05/2018 realizou visita á vivenda, comprobando que a planta soto ten unha altura de 0,60 m., polo tanto non computa edificabilidade, por unanimidade, acorda:

1º) Estimar o recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 17,01,2018, deixándoo sen efecto.

2º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE BENITO SEBE GARCIA, con domicilio en Sabaxáns 14, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Sabaxáns 14, Bastavales, substituíndo a tella actual por outra nova, sen incrementar o seu volume.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL CELESTINO FARIÑA DUBRA, con domicilio en Mourentans 12, Viceso, na que comunica que vai reparar a cuberta do establo de Mourentáns 12, Viceso, substituíndo a cubrición actual por chapas de aceiro prelacadas en cor con illamento térmico, sen modificar a estrutura nin o volume da edificación.

A edificación emprázase dentro do ámbito do solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO1) e atópase dentro da aldea de Mourentans, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: VE2, pero en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE LUIS VAZQUEZ LEIS, con domicilio en C/ Ramón Álvarez de la Braña nº5-2ºF, Noia, na que comunica que vai ampliar unha ventá da vivenda de Sanín 20, Os Ánxeles,

A edificación onde se pretende realizar a obra atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESUS SANCHEZ FERREIRA, con domicilio no Outeiro 7, Bastavales, no que comunica que vai colocar un panel imitación a madeira no penal da casa do Outeiro 7, Bastavales, de aproximadamente 40m<sup>2</sup>.

A edificación onde se pretende realizar a obra emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural (NRL – 1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa recomendación de que se utilicen as cores recollidos na “Guía de cor e materiais de Galicia” para as edificacións anteriores ao ano 1.960: 0500-N, 1000-N, 1603-R80B, 4000-N, 0502-y, 1002-Y, 1502-Y, 2502-B, 1005-Y10R, 1505-Y10R, 2010Y10R, 3010-Y20R, 0505-Y20R, 1005-Y20R, 1505-Y20R, 3005-Y50R,

1005-Y30R, 1505-Y30R, 2005-Y30R, S4010-Y70R, 1005-Y40R, 1505-Y40R, 2005-Y40R, 4030-Y80R.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMON SANTOS FERNANDEZ, con domicilio en Adoufe 13, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de limpeza e pintado das fachadas da vivenda de Adoufe 13, Os Ánxeles.

A edificación onde se pretende realizar a obra emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL- 2. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MANUEL SANCHEZ GONZALEZ, con domicilio en Lamiño 48, Brión, na que comunica que vai realizar obras consistentes na renovación de parte da tella da cuberta, colocación de tubos de aceiro inox e pipetas no perímetro da vivenda e rampa de acceso ao garaxe no interior da parcela de Lamiño 48, Brión.

A parcela na que se empraza a edificación situase sobre un ámbito de solo urbano (UC2). A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO NIMO MIGUEZ, con domicilio en A Graña 9, Cornanda, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en A Graña 9, Cornanda:

- Demoler o actual muro de contención e levantar un muro de contención e peche novo, en formigón, de altura inferior a 1,50 m, con balaústre na parte superior, que linda co camiño.

- Revestir a edificación destinada a vivenda con pedra de 10 cm de espesor.

A parcela aséntase sobre un ámbito de solo clasificado segundo o PXOM como solo de núcleo rural da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 NRO; parte da parcela, na zona da edificación, atópase na situación 1 (NRO-1), e o resto da parcela atópase na situación 2 (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O muro de contención non terá unha altura superior a 1,50 m. en ningún punto, e será convenientemente revestido e pintado.

- A altura total do peche non será maior de 1,80 m, medidos desde a rasante natural do terreo.

- O muro de peche situarase a 5 m, do eixe do vial, agás na parte da parcela clasificada como NRO-1, na que se poderá situar a 4 m, do eixe.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE RAMON VILAS MONTERO, con domicilio en Chave de Ponte 43, Bastavales, na que comunica que vai construír un porche na vivenda de Chave de Ponte 43, Bastavales, de 24,51 m<sup>2</sup>.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8, para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE ALFREDO GOMEZ MAYAN, con domicilio en Ardións 1, Luaña, na que comunica que vai limpar e pintar as fachadas da vivenda de Ardións 1, Luaña.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA MERCEDES VILLAR CAJUSO, con domicilio en Vilar 10, Viceso, na que comunica que vai revestir con pedra a fachada da casa de Vilar 10, Viceso, nunha superficie de 22m<sup>2</sup>.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Severino Mosquera Martínez, que di actuar en representación de JOSEFINA PEREZ ARUFE, con domicilio en Vilas 31, Bastavales, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Vilas 31, Bastavales:

- Reparación da cuberta, substituíndo a totalidade da tella vella por tella nova, sen incrementar o seu volume.
- Reparación das grietas da fachada e pintado (aprox. 36m<sup>2</sup>).
- Substitución da carpintería da porta de entrada.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle a aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

II) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA JOSEFA SANTOS FREIRE, con domicilio en Pousada 9, Viceso, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Pousada 9, Viceso, substituíndo a tella existente por outra nova, sen modificar a estrutura nin aumentar o volume da cuberta.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación (NRO-1) do PXOM, na aldea de Pousada, que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como VE3.

De acordo co disposto na Instrución de 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, tendo en conta as características e alcance das intervencións solicitadas, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO JAVIER SAN MARTIN LENS, con domicilio en Sanín 2, Os Ánxeles, na que comunica que vai substituír a porta de acceso de 1x2 m., mantendo a liña existente, en Sanín 2, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto na disposición transitoria primeira, letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Julio Ramos Guzmán, que di actuar en representación da C.P. URBANIZACIÓN MONTE BALADO BLOQUES 5-6, con dirección a efectos de notificación na Avd. da Mahía 49, 1ºB, Bertamiráns-Ames, na que comunica que vai realizar labores de limpeza, reparación e pintado das fachadas dos

bloques 5-6, da Urbanización Balado, Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

ñ) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por M<sup>a</sup> CARMEN VILANOVA VAZQUEZ, con domicilio na Avd. Santa Minia 58, Brión, na que comunica que vai demoler parte do muro de separación coa finca lindante e construír un novo peche en bloques de formigón enfuscados e pintados en cor branco, na Avd. Santa Minia 58, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a altura do muro de bloques non sexa superior a 1,20 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

o) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roberto Riveiro Recarey, que di actuar en representación da C.P. URBANIZACION MONTE BALADO BLOQUES 7-8, con dirección a efectos de notificación na Rúa das Hedras 2, local 2H, Milladoiro, Ames, na que comunica que vai levar realizar labores de limpeza, reparación e pintado das fachadas dos bloques 7-8, da Urbanización Balado, Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

p) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representación da C.P. URBANIZACION MONTE BALADO BLOQUES 12-13, con dirección a efectos de notificación na Avd. Mahía 60,1ªA, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai levar realizar labores de limpeza, reparación e pintado das fachadas dos bloques 12-13, da Urbanización Balado, Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

q) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUIS JAVIER GALLEG0 DEL HOYO, con domicilio na Urbanización Monte Devesa 13, Os Ánxeles, na que comunica

que vai realizar obras de limpeza, reparación e pintado das fachadas da vivenda da Urbanización Monte Devesa 13, Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MIGUEL GONZALEZ MARCOS, con domicilio na Avda. Santa Minia 81, Brión, na que comunica que vai substituír 5 ventás existentes na cuberta da vivenda da Avda. Santa Minia 81, Brión, tipo “velux”, por outras con dimensións sensiblemente distintas das existentes,

A edificación onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC-1) do PXOM, e atópase dentro do contorno de protección da carballeira de Brión e outros bens incluídos no catálogo do PXOM e identificados como BE9, BE10, BE7, BR5, BI1, BE18, BE7, BE19.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 18/07/2018 (expediente: 753/18), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL CELESTINO FARIÑA DUBRA, con domicilio en Mourentáns 12, Viceso, na que solicita licenza de obra para canalizar auga, colocando un tubo de formigón de 40 cms de sección, que atravesa a estrada que vai de Mourentáns a Rañalonga.

A parcela atópase emprazada dentro dun ámbito de solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá realizar a obra ao mesmo tempo que a obra municipal de abastecemento de auga que se realizará proximamente polo Concello ou esperar a que rematen as obras do Concello.

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 330,00 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.



c) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o condutor RZ25 existente no apoio HV 400-9 (saída 02 do centro de transformación 15CZM6) ata CPM do peticionario, no límite da propiedade coa vía pública, en Soigrex, Os Ánxeles. Para a canalización realizarase un paso aéreo subterráneo con unha zanja de 54 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro Pablo López Alonso, con visado do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, visado nº 2044/18-CO.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
  - Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 624,10 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.
- Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por VICTOR PIÑEIRO GALLEGO, con domicilio en O Cabo 22, Os Ánxeles, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en O Cabo 22, Os Ánxeles.

Con data 20/12/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Rosa María Taboada Rey e Víctor José Piñeiro Gallego para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en O Cabo 22, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Óscar Andrés Quintela e Iván Andrés Quintela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.07.2018, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **QUINTO.- BONIFICACIÓN DE PREZO PÚBLICO.**

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por J.M.D.I., con rexistro de entrada no Concello núm. 3037, do 07/08/2018, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación de Y.D.A., S.D.A. e A.M.D.A., na actividade de: Campamentos de verán, que se levou a cabo durante o mes agosto de 2018.

Vista a proposta de bonificación de 105,00 € da traballadora social do 24/08/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a J.M.D.I. unha bonificación de 105,00 €, correspondente á participación das menores S.D.A, Y.D.A. e A.M.D.A. na actividade de: Campamentos de verán, que se impartiu durante o mes de agosto de 2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio,

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

#### **SEXTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Miguel Carballido Pensado, que di actuar en representación de ADOLFO MIGUEL PAN AÑÓN, de solicitude de modificación da licenza municipal de obras maior concedida pola Xunta de Goberno de data 09/05/2018, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Cirro 26, San Salvador, segundo proxecto redactado polos arquitectos Miguel Carballido Pensado e Iago Rodríguez Valcárcel, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/07/2018.

As modificacións consisten na redución da superficie da planta soto e no cambio de situación da rampa de acceso ao garaxe, o que implica o seguinte:

- A superficie construída inicial de 564,28 m<sup>2</sup> variase a 528,82 m<sup>2</sup>
- O orzamento inicial de 205.926,58 € variase a 179.536,97 €, como consecuencia da redución da superficie construída.
- Non se modifica a ocupación porque non se modifica a superficie da planta baixa.
- Non se modifica a edificabilidade porque se reduce a superficie construída do cuarto de instalacións en planta soto, que non computa edificabilidade.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SÉTIMO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por LAURA MARIA VIDAL VIDAL, con domicilio en Pousada 1, Viceso, de solicitude de licenza para demoler un alpendre e un espazo destinado a gardar apeiros de labranza en Pousada 1, Viceso, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto técnico Santiago Carballo Rey, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o 25.06.2018, expediente VN18001938.

A parcela (referencia catastral 0757121NH2405N0001KY) emprázase dentro do ámbito do solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRO-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM.

A aldea de Pousada atópase integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave VE3, pero as edificacións obxecto desta solicitude non teñen carácter tradicional senón que, pola cotra, desvirtúan o conxunto protexido; en base ao artigo 4 da Instrución do 8 de novembro de 2017, non se precisa autorización previa en materia de protección do patrimonio cultural.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo arquitecto técnico Santiago Carballo Rey, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o 25.06.2018, expediente VN18001938.
  - Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
  - Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
  - Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, a data de expedición da licenza e prazo de execución.
  - Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
  - Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
  - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
  - Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL CASAL FREIRE, con domicilio en Vilanova 3, Ós Ánxeles, de solicitude de licenza para cambiar a cuberta da vivenda de Vilanova 3, Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.07.2018.

A parcela (referencia catastral 7642802NH2474S0001FW) emprázase dentro do ámbito do solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.07.2018.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, a data de expedición da licenza e prazo de execución.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DORA RODRIGUEZ SERRAMITO, con domicilio en Avd. dos Ánxeles 20, Os Ánxeles, de solicitude de licenza

para a construción dun muro dun muro de contención en Avd. Dos Ánxeles 20, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto técnico Aser Goyanes Torreiro, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña o 02/07/2018, visado nº VN18002014.

A parcela (referencia catastral 6546306NH2464N0001XD) atópase emprazada dentro da delimitación de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1) de solo urbano adscrito a viais principais.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto técnico Aser Goyanes Torreiro, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña o 02/07/2018, visado nº VN18002014.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, a data de expedición da licenza e prazo de execución.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

## **OITAVO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DOLORES ALVAREZ BLANCO, con domicilio Babenzo 9, Bastavales, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 8223324NH2482S0001EK, situada en Babenzo, Bastavales, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Carlos Riveiro García, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña, o 17/08/2018, visado número VN18001066.

Descrición da parcela matriz:

Finca 196 do plano de concentración parcelaria da zona de Bastavales.

Referencia catastral: 8223324NH2482SS0001EK

Superficie segundo medición recente: 5.433,69m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Concepción Mosquera Baliño e outros (195).

Sur: camiño e zona excluída.

Leste: Eligio López Gómez (197-1 e197-2), hoxe Secundino López Barreiro.

Oeste: camiño.

Segregación pretendida:

**Parcela A:**

Superficie bruta: 884,73 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión a viais: 29,73 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 855,00 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: Concepción Mosquera Baliño e outros.

Sur: parcela B procedente desta segregación.

Leste: parcela E procedente desta segregación.

Oeste: vial público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

**Parcela B:**

Superficie bruta: 835,88 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión a viais: 28,88 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 807,00 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: parcela A procedente desta segregación.

Sur: parcela C procedente desta segregación.

Leste: parcela E procedente desta segregación.

Oeste: vial público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

**Parcela C:**

Superficie bruta: 843,45 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión a viais: 35,45 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 808,00 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: parcela B procedente desta segregación.

Sur: parcela D procedente desta segregación.

Leste: parcela E procedente desta segregación.

Oeste: vial público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

**Parcela D:**

Superficie bruta: 847,08 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión a viais: 39,08 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 808,00 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: parcela C procedente desta segregación.

Sur: parcela E procedente desta segregación.

Leste: parcela E procedente desta segregación.

Oeste: vial público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

**Parcela E:**

Superficie bruta: 2.022,55 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión a viais: 13,55 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 2.009,00 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: parcela D procedente desta segregación ,e Concepción Mosquera Baliño e outros.

Sur: camiño e zona excluída.

Leste: Secundino López Barreiro

Oeste: vial público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 29,73 m<sup>2</sup>, 28,88 m<sup>2</sup>, 35,45 m<sup>2</sup>, 39,08 m<sup>2</sup> e 13,55 m<sup>2</sup>, destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARTA GOMEZ SANCHEZ, con domicilio en Chave de Ponte 27, Bastavales, na que solicita licenza de segregación da parcela 1.202 de concentración parcelaria de Bastavales, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 17/07/2018 e documentación complementaria visada o 06/09/2018.

Descrición da parcela matriz:

Finca 1.202 do plano de concentración parcelaria de Bastavales.

Referencia catastral: 9115111NH2491N0001HB e 15013B503030260000MP

Superficie segundo medición recente: 4.820m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións:

- Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2). Superficie 3.650 m<sup>2</sup>.

- Solo rústico de protección agropecuaria (RC). Superficie 1.170 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: Manuel Gómez Míguez (parcela 1202 e 9115111NH2491N0001HB)

Sur: camiño.

Leste: camiño

Oeste: camiño.

Segregación pretendida:

#### **Viña 1:**

Superficie bruta: 1.450 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión a viais: 221 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 1.229 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: Manuel Gómez Míguez

Sur: camiño.

Leste: camiño

Oeste: coa finca Viña 2 procedente desta segregación.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2

#### **Viña 2:**

Superficie bruta: 1.000 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión a viais: 76 m<sup>2</sup>

Superficie neta: 924 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: Manuel Gómez Míguez e coa finca Viña 4 procedente desta segregación.

Sur: camiño.



Leste: coa finca Viña 1 procedente desta segregación.  
Oeste: coas fincas Viña 3 e Viña 4 procedentes desta segregación.  
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2

**Viña 3:**

Superficie bruta: 1.200 m<sup>2</sup>.  
Superficie de cesión a viais: 198 m<sup>2</sup> .  
Superficie neta: 1.002 m<sup>2</sup>.  
Lindes:  
Norte: coa finca Viña 4 procedente desta segregación.  
Sur: camiño.  
Leste: coa finca Viña 2 procedente desta segregación.  
Oeste: camiño.  
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2

**Viña 4:**

Superficie bruta: 1.170 m<sup>2</sup>.  
Superficie de cesión a viais: 0 m<sup>2</sup> .  
Lindes:  
Norte: Manuel Gómez Míguez.  
Sur: coas fincas Viña 2 e Viña 3 procedentes desta segregación.  
Leste: coa finca Viña 2 procedente desta segregación.  
Oeste: camiño.  
Clasificación urbanística: solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 221 m<sup>2</sup>, 76 m<sup>2</sup> e, 198 m<sup>2</sup>, destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**NOVENO.- DECLARACIÓN COMO DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE VENDA DE INMOBLE POR SUBASTA.**

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 11,09,2018, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 21.06.2018, por delegación do Pleno, para a venda de inmovible municipal por subasta, cuxo anuncio de licitación foi publicado no BOP da Coruña do 12.07.2018 e no

perfil de contratante con data 12.07.2018, e resultando que non se presentou ningún licitador, pola alcaldía propónse verbalmente:

1º) Declarar deserto o procedemento referenciado por non se ter presentado ningún licitador.

2º) Publicar a declaración de deserto no perfil de contratante para xeral coñecemento.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da alcaldía, engadindo que debe publicarse a declaración como deserto igualmente no BOP para xeral coñecemento.

#### **DÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González